

GUÍA PARA USUARIOS/AS DA WEB DA AGPI

A nova **agpi.gal / agpi.es** está deseñada sobre WordPress, que resulta familiar xa para moitos usuarios, ao tempo que ten unha utilización bastante intuitiva. Non obstante, neste documento trataremos de ofrecer unha pequena guía acerca do seu uso por parte dos socios e socias (zona «Acceso Socios»).

Se o prefires, podes ver un vídeo explicativo (aprox. 6 min) aquí: <https://youtu.be/w3bCxOKpTWc>

PARA ENTRARES NA ZONA RESTRINXIDA PARA SOCIOS E SOCIAS



Para entrar na zona restrinxida aos socios e socias da AGPI, é necesario ter un nome de usuario e un contrasinal, que se introducen na pantalla que aparece despois de facer clic en «**Acceso Socios**» (o botón situado na parte superior dereita da pantalla).

A screenshot of the 'ACCESO USUARIOS' login form. The form is titled 'ACCESO USUARIOS' in a light grey box. Below the title, there are two input fields: 'Usuario o Email' and 'Contrasinal'. Below the 'Contrasinal' field is a checkbox labeled 'Lembrarme'. At the bottom of the form is a yellow button with the text 'INICIAR SESIÓN'.

O **nome de usuario** é o mesmo que che foi asignado ao asociarte; tamén serve o **endereço de email** que ten a asociación para contactar contigo (normalmente, o que proporcionaches na túa ficha de inscrición e a conta na que recibiches este mesmo documento). Para poder obter un **contrasinal**, o método máis sinxelo é introducir un ao azar e seguir o proceso de recuperación de contrasinal. Aparecerá un novo cadro de diálogo.

A screenshot of the login form showing an error message. At the top, there is a red-bordered box with the text: 'ERRO: O contrasinal é incorrecto. Perdiches o contrasinal?'. Below this, the form fields for 'Usuario o Email', 'Contrasinal', and 'Lembrarme' are visible, along with the 'INICIAR SESIÓN' button.

Se fas clic na frase en azul, abrírase outro cadro de diálogo para que introduzas o teu usuario ou o teu email (que debe ser o mesmo que figura na base de datos da asociación).

RECUPERAR CONTRASINAL

Escribe o teu nome de usuario ou enderezo de email.

Recibirás unha ligazón para crear un novo contrasinal a través do email.

Nome de Usuario ou E-mail

OBTER NOVO CONTRASINAL

Unha vez apertado o botón «**Obter un novo contrasinal**», chegarache unha mensaxe de correo electrónico (a ese enderezo que tes rexistrado). Nela haberá unha ligazón; a facer clic nela, poderás escoller un contrasinal (que pode coincidir co que tiñas na web antiga, se o prefires). Só tes que volver á pantalla inicial de «**Acceso Usuarios**» para entrar na área restrinxida aos socios e socias.

Pode ser que non lembres o enderezo de correo que figura na base de datos da asociación (se tes varias contas, por exemplo). Non dubides en contactar connosco en correo@agpi.es para solucionar calquera problema.

MODIFICAR O TEU PERFIL

Mediante a pantalla «**Acceso Usuarios**» entrarás na páxina «**Documentos AGPI**». Está en proceso de actualización, pero lembra que aí poderás encontrar toda a información a través da columna da dereita. A través do menú superior, na sección «**Socios**» tes tamén a opción de acceder a «**FAQ – Cuestións técnicas**», que dá unha información xeral sobre a asociación. Na icona da esquina dereita, podes acceder ás diversas opcións relacionadas co teu perfil: editalo, ver os teus proxectos e engadir un novo, así como tamén cambiar o contrasinal ou pechar a sesión.

AGPI

COÑECENOS ASÓCIATE PORTAFOLIOS PUBLICACIÓNS ARQUIVO CONTACTO SOCIOS

S AGPI

Editar o meu perfil

Cambiar contrasinal

Engadir novo proxecto

Os meus proxectos

Pechar a sesión

MBLEA XERAL EXTRAORDINARIA 12 de decembro de 2015


PDF

MBLEA XERAL ORDINARIA 25 de outubro de 2014


PDF



En «**Editar o meu perfil**» podes modificar ou engadir os teus datos e engadir un avatar. Na sección «**Información sobre o ilustrador**» é recomendable incluíres un pequeno resumo que queiras que apareza ao lado das túas galerías. Os datos que introduzas no apartado «**Información web e redes**» presentaranse en forma de diferentes iconas debaixo dese texto.



Facendo clic en «**Os meus proxectos**» entras no panel de WordPress propiamente dito. Desde aí podes acceder a todos os teus proxectos, modificalos ou, chegado o caso, eliminalos.



Na columna da esquerda podes ver tamén a opción «**Add New**», que te levará a un cadro de diálogo para inserir un novo proxecto, ao igual que se desde o menú da sección Socios fas clic en «**Engadir novo proxecto**». Podes engadir un número indefinido de proxectos con cadansúa galería de ata 10 imaxes.

ENGADIR UN NOVO PROXECTO

The screenshot shows the 'Add New Project' form in WordPress. At the top, there is a title field with the placeholder text 'Introduza o título aquí'. Below the title field is a 'More Fields' section. The main part of the form is a text editor for the project description, with a toolbar containing options like 'Engadir elementos multimedia', 'Pods Shortcode', and 'Añadir formulario'. The text editor has a 'Visual' and 'HTML' toggle. Below the text editor is a gallery section with an 'Add File' button and the text 'Número máximo de imaxes 10'. At the bottom left, there is a dropdown menu for 'Usuario Proyecto' with the option '-- Select One --'. On the right side of the form, there are several panels: 'Publicar' (Publish) with buttons for 'Gardar como borrador', 'Previsualizar', and 'Publicar'; 'Categorías' (Categories) with a list of categories and a '+ 18' button; 'Ilustradores' (Illustrators) with a list of names and checkboxes; and 'Imaxe destacada' (Featured Image) with a button 'Establecer imaxe destacada'.

Coa nova web da AGPI cambia o concepto das galerías que existía na web anterior. Se antes había unha galería por socio, agora cada socio pode engadir todas as galerías que desexe, en forma de proxectos. Todos eses proxectos quedan ligados ao perfil do usuario, de forma que pode verse o acceso a todas os proxectos/galerías de cada socio.

Para engadir un novo proxecto, desde «**Add New**» (panel de WordPress) ou «**Engadir novo proxecto**» (icona do perfil), hai que agregar o **título do proxecto** e unha **descrición** deste (que pode incluír tamén algún enlace relacionado), e despois podes engadir ata dez imaxes na **galería** (mediante o botón «**Add File**»).

Tamén podes utilizar a función de engadir imaxes no cadro da descrición do proxecto, mediante o botón «**Engadir elementos multimedia**»: desa forma podes xerar proxectos máis complexos (con explicacións de cada imaxe, por exemplo), pero non se pode facer clic sobre as imaxes nin estas forman unha galería con función de pase de diapositivas. Como é habitual nestes casos, é recomendable que o formato da imaxe non teña un tamaño demasiado grande, para evitar usos non desexados da imaxe por calquera que a poida descargar (non obstante, os límites a ese respecto establécenos cada usuario/a).

É **moi importante** seleccionares o teu nome de usuario no apartado «**Usuario proxecto**»; iso serve para relacionar o usuario cos seus proxectos e o seu perfil.

Na columna da dereita hai que escoller a **categoría** (unha ou varias: isto reflectirase tamén no buscador de proxectos por categorías) e mais o **ilustrador** (o teu nome, novamente).

É tamén importante engadir unha imaxe destacada para o proxecto; será a que apareza como miniatura do proxecto. Isto faise en «**Featured Image**», que nos leva á «**Biblioteca multimedia**». Alí están todas as imaxes da web, pero podes escoller directamente as túas escollendo na lapela «**Imaxes**» a opción «**Uploaded to this Proxectos**».

Unha vez que teñas o proxecto listo, só tes que darlle ao botón «**Publicar**» (na parte superior dereita) e aparecerá no seu lugar correspondente. Tamén podes facer clic en «**Guardar como borrador**» se o proxecto non está completo e aínda non o queres publicar, ou facer cambios posteriormente (en «**Editar**» ou «**Edición rápida**») e facer clic no botón «**Actualizar**», que estará situado no mesmo lugar que o de «Publicar».

Ao comezo da sección «Add New Proxectos» aparece o cadro de diálogo do plug-in Yoast SEO, que permite engadir palabras clave para optimizar a busca nos diferentes buscadores. Se o prefires, podes minimizalo mediante a frechiña que aparece á dereita, ao comezo do cadro. Polo que respecta aos textos que inclúe, os erros lingüísticos son un problema do propio plug-in e lamentablemente non podemos modificalos.

Lembra que é importante que manteñas os teus datos actualizados e completos, porque estas galerías poden ser un punto de acceso importante para os teus futuros clientes (que poderán contactar contigo ou visitar desde elas as túas webs e redes sociais). Con toda probabilidade estarán entre os primeiros resultados dos buscadores cando alguén escriba o teu nome e mais a palabra «Ilustración».

Se tes calquera problema, ou encontras algún erro, contacta connosco en **correo@agpi.es**.

Web desenvolvida por Fiera Gráfica (fieragrafica.com) / Trama Solutions (tramasolutions.com)